



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias/grao-quimica



Grao en Química



www.usc.gal

Química

A Química é unha ciencia que versa sobre propiedades macroscópicas e microscópicas de compostos materiais de todo tipo e tamén sobre os aspectos do cambio e da reactividade. Inclúe a investigación de estruturas e mecanismos das transformacións químicas e tamén a síntese de novos compostos.

Tipo Presencial

Área Ciencias

Centro Facultade de Química
Avda. das Ciencias, s/n
15782 Santiago de Compostela
facultade.quimica.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias/grao-quimica

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazos: 100

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos ECTS*, distribuídos en 60 créditos de formación básica, 162 créditos de materias obrigatorias e 18 créditos optativos. *Un crédito ECTS equivale a 25 horas de traballo do alumnado.



O Grao en Química conta co Selo Internacional de Calidade EUROBACHELOR®. Este selo avala

que o seu programa formativo cumpre cos estándares internacionais establecidos por académicos e profesionais do sector.

Mobilidade e prácticas externas

Existen tres programas de mobilidade que permiten cursar entre un e dous semestres fóra da USC, tanto a nivel nacional como internacional: programa SICUE de mobilidade en España, programa ERASMUS+ para Europa e países asociados extracomunitarios, e o programa de Convenios Bilaterais subscritos con universidades de países fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

O alumnado do Grao en Química pode realizar prácticas externas nunha empresa ou nunha institución pública coa que exista un convenio de colaboración. Estas prácticas teñen unha duración de 90h e computan para a obtención do título como 4,5 créditos ECTS optativos.

Tres razóns para estudar Química

- Participación activa na resolución dos Retos da Humanidade: Auga, Saúde, Medioambiente, Enerxía, Alimentos.
- Boa empregabilidade no sector químico, con retribucións das máis altas da industria.
- Formación pluridisciplinar, amplo abano de saídas profesionais.

Saídas profesionais

O químico é un profesional moi polivalente, pode traballar en:

- Investigación: básica a aplicada.
- Ensino (secundario, ciclos FP, universidade).
- Sector industrial (investigación, produción e control).
- Sanidade (Químico Interno Residente, Saúde Pública).
- Control Medioambiental.
- Control de Calidade, Asesoría e Peritaxe.
- Administración Pública (laboratorios de: control ambiental, consumo, augas, etc.).
- Profesión libre.

Itinerario en lingua inglesa

O itinerario en lingua inglesa do Grao en Química inclúe 16 materias, en todas as súas modalidades de clase: expositivas, seminarios, titorías e laboratorio. O alumnado pode cursar en inglés ata 91,5 créditos ECTS, se opta por non participar en programas de mobilidade internacional, e ata 75 créditos mais se participa no programa ERASMUS+.

Ao finalizar a titulación, as materias cursadas en inglés, recolleranse tanto no Certificado Académico como no Suplemento Europeo ao Título (SET), que se expide automaticamente.